

Espazos sonoros

Do 1 ao 28 de setembro de 2024

espazossonoros.org



Deputación
DA CORUÑA

Espazos sonoros

Organiza

Deputación da Coruña
Área de Patrimonio e Contratación

Dirección artística e coordinación

Belén Bermejo López

Redacción

Andrés Díaz Pazos
Belén Bermejo López

Asesoramento lingüístico

Elvira Ribeiro Tobío

Deseño, imaxe e comunicación

Sirgo Torcendo S.L.

Maquetaxe

Cátia Leite

Producción técnica

Goyplasón S.L.

Apoio á produción

Miraxe, S.Coop. Galega

Imprime

Imprenta provincial da Deputación da Coruña

DL: XXXXXXX

Espazos sonoros

A provincia da Coruña convértese, un ano máis, na protagonista dun agardado encontro entre a música e o patrimonio da man do festival Espazos Sonoros. Por cuarto ano consecutivo honrámonos en presentar unha programación pensada para a valorización dos elementos que compoñen o riquísimo legado histórico provincial. Concertos, xornadas de lecer e convivencia arredor do patrimonio cultural e natural, obradoiros e visitas guiadas que axudan a fornecer a compoñente divulgativa que sostén o proxecto, conforman unha programación orientada ao cumprimento dos principios básicos da sustentabilidade na xestión e coidado do patrimonio e do desenvolvemento local.

Despois de ter pasado por espazos de titularidade provincial como as Torres do Allo, o castelo de Vimianzo, o dolmen de Dombate ou o mosteiro de Caaveiro, abrimos esta edición cun concerto no emblemático Teatro Colón da Coruña, que forma parte do edificio da sede provincial, para asistir a un concerto dun dos grupos de referencia dentro da música antiga, o amplamente galardoado La Grande Chapelle, dirixido por Albert Recasens. Espazos Sonoros percorrerá tamén outros espazos de interese cultural da provincia como o Xeoparque Cabo Ortegal, declarado Xeoparque Mundial da UNESCO en 2023 por impulso da Deputación e espazos tan significativos como as Torres de Mens ou o castro de Baroña, para poñerles música co mellor do noso talento canda figuras convidadas de primeiro nivel. Unha programación que axudará, sen dúbida, a cohesionar social e territorialmente a provincia e facer dela un lugar de referencia no ámbito da cultura.

Saiamos pois, unha volta máis, a percorrer os espazos sonoros na procura tamén do goce das súas músicas.

Xosé L. Penas Corral
Deputado de Patrimonio e Contratación

Espazos sonoros

Regresa Espazos Sonoros para ocupar as semanas finais do verán e o tránsito cara ao outono, na procura de camiños que nos acheguen ao máis próximo e íntimo do noso patrimonio a través da música. Pequenos e coidados proxectos musicais traballados en colaboración con artistas de primeiro talle, xunto ao mellor do noso talento musical, fóra dos circuitos dos grandes eventos, convidánnos a descubrir ou revisitar coñecidos e descoñecidos espazos, na idea do impulso do desenvolvemento sostible e da transformación do próximo e local, tanto no musical e económico, como no patrimonial. Espazos Sonoros segue a traballar na procura de experiencias que nos permitan vivir moi de preto a música en estreita comunión cos seus e as súas intérpretes e co legado histórico e artístico. Unha programación que non esquece poñer no centro as persoas coa firme vocación de traspasar fronteiras na busca da proxección cara ao exterior.

Arquitecturas históricas e contemporáneas danse a man para acoller propostas de estilos e procedencias diversas ao longo do patrimonio da provincia da Coruña, este ano con especial foco na presenza de artistas galegas que desenvolven con éxito a súa carreira noutros contextos musicais, como a clavecinista Rosalía Gómez Lasheras, o violonchelista Fernando Santiago ou a saxofonista Helena Otero. Visitaremos as Torres de Mens, o Xeoparque Cabo Ortegal e daremos un paseo pola ría de Ferrol e polas Terras de Iría seguindo a pegada da nosa Rosalía. Como peche, unha experiencia única, un proxecto participativo no que se vai interpretar unha obra de Sciarrino para catro saxos solistas e un bo número de saxos en movemento, un proxecto no que o virtuosismo deixa paso á capacidade de transfiguración para o traballo conxunto na construción do son. O individualismo deixa así paso á minúscula pero incommensurable chegada de cada persoa na consecución do resultado global, no que músicos e músicas, espazo e ouvintes serán tamén parte esencial.

Belén Bermejo López
Directora artística do Festival Espazos Sonoros



ESPAZOS SONOROS 2024 ...///

SETEMBRO

Domingo 1 de setembro, 20.00 h

CONCERTO INAUGURAL

La Grande Chapelle

TEATRO COLÓN, A CORUÑA

Ás 19.00 h, preparación para a escoita, conversa con Albert Recasens e Guillermo Fernández Rodríguez Escalona

12

40

Domingo 8 de setembro, 18.00 h

Ensemble Phaedrus

IGREXA DE SANTIAGO DE MENS, MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

Coñece o teu patrimonio. Ás 16.00 h, visita ás Torres de Mens

14

42

16

Sábado 14 de setembro, 19.00 h

La Moresca

CASINO FERROLÁN, FERROL (A CORUÑA)

Coñece o teu patrimonio. Ás 15.30 h, travesía pola ría de Ferrol

18

44

20

Domingo 15 de setembro, 19.00 h

Concert Le Phénix

CASA DA MATANZA (CASA DE ROSALÍA), PADRÓN (A CORUÑA)

Coñece o teu patrimonio. Ás 15.00 h, “De Padrón polos camiños”.

Tarde literaria e de lecer

22

46

24

Sábado 21 de setembro, 19.00 h

Das Kolorit

TEATRO DE BENEFICENCIA, ORTIGUEIRA (A CORUÑA)

Coñece o teu patrimonio. Ás 12.00 h, ruta polo Xeoparque Cabo Ortegal.

Ás 17.00 h, visita ao conxunto conventual dos dominicos de Ortigueira

26

48

28

30

Sábado 28 de setembro, 19.00 h

CLAUSURA

asLan ensembLe

EDIFICIO DE ACTIVIDADES NÁUTICAS, PORTO DO SON (A CORUÑA)

Coñece o teu patrimonio. Ás 12.00 h, ruta polo castro de Baroña.

Ás 15.00 h, convocatoria aberta e obradoiro para saxofonistas

32

50

34

36

COMO CHEGAR:

Para coñeceres a localización de cada un dos espazos, busca en Googlemaps o mapa de Espazos Sonoros 2024.

DEBES TER EN CONTA:

Os concertos son de balde e a **entrada libre**, até completar a capacidade.

Nas actividades con prazas limitadas é imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas. Deberase indicar expresamente para que data e que actividade se fai a reserva. **É precisa unha reserva para cada actividade.** Só se admitirán reservas realizadas a través do correo actividades@espazossonoros.org. **Calquera solicitude de reserva feita a través de calquera outro medio ou enderezo ou fóra de prazo non será atendida.**

Cada persoa poderá realizar un máximo de catro reservas.

Para a reserva deberase achegar un teléfono de contacto, así como o nome completo de cada unha das persoas participantes.

O día da actividade deberase presentar o código de referencia facilitado por correo electrónico coa formalización da inscrición.

PARA PARTICIPARES NO OBRADOIRO E CONCERTO PARTICIPATIVO PARA SAXOS

Será precisa a inscrición do 2 ao 26 de setembro, a través do correo actividades@espazossonoros.org, indicando o nome das persoas para as que se fai a reserva, un teléfono de contacto e o tipo de instrumento que achegará. As persoas menores de idade deberán vir acompañadas dunha persoa adulta.

Información detallada en www.espazossonoros.org.

A TÚA COLABORACIÓN É IMPRESCINDIBLE:

Lembra que temos que ser responsables co medio ambiente e co patrimonio visitado.

Antes de participar nas actividades, asegúrate de que a ruta se adapta ás túas capacidades físicas en función do percorrido e duración.

Unha vez formalizada a inscrición, procura avisar, no caso de non poderes asistir, co fin de deixarlles a túa praza a outras persoas interesadas.

Procura chegar puntual ás diferentes citas.

Lembra que facer fotos ou gravar vídeos pode resultar molesto para as persoas intérpretes e para o resto do público. Por favor, respecta as indicacións que facilite o persoal de produción.

As persoas menores de 18 anos deberán ir acompañadas por unha persoa adulta maior de idade que se faga responsable. Non se recomenda a asistencia de menores de 8 anos, excepto que se trate de actividades especificamente deseñadas para esa franxa de idade. De asistiren, as persoas adultas coidarán, en todo momento, deles.



Espazos sonoros

Programa... 2024 >>

www.espazossonoros.org



CONCERTO INAUGURAL

Domingo 1 de setembro, 20.00 h

Ás 19.00 h, preparación para a escoita, conversa con
Albert Recasens e Guillermo Fernández Rodríguez Escalona

FRANCISCO GUERRERO

MÚSICA E POESÍA DO RENACEMENTO ESPAÑOL

Irene Mas Salom, soprano
Raquel Mendes, soprano
Vincent Lièvre-Picard, tenor
Fernando Guimarães, tenor
Gabriele Lombardi, baixo
Belisana Ruiz, vihuela

Albert Recasens, dirección

Actor: Luís Iglesia

Aínda que o *corpus* de madrigais conservados en España é menor que o producido en Italia, aos compositores españois non lles pasou inadvertida a eclosión da nova poesía italianizante. Unha das producións máis interesantes do xénero no XVI foi a de Francisco Guerrero, o célebre compositor sevillano. Este, animado polo poeta Cristóbal Mosquera de Figueroa (1547-1610) e outros amigos das academias de letras e artes sevillanas, decidiu publicar ao fin da súa vida a colección *Canciones y villanescas espirituales* (Venecia, 1589) “*porque andando de mano en mano, se iba con el tiempo perdiendo en sus obras la fidelidad de su compostura, o no quedaba en ella más que el nombre del autor*” (como reza o prólogo). Nos madrigais aquí compilados, a partir de distin-

www.laudamusica.com

tas fontes, Guerrero desprega un amplo abano de recursos musicais ao servizo da expresión do texto, reflexo das ideas humanistas imperantes.

La Grande Chapelle é un prestixioso conxunto de música antiga fundado e dirixido por Albert Recasens, especializado na interpretación de música vocal e instrumental do Renacemento e do Barroco temperán. A formación goza dun gran recoñecemento internacional polas súas interpretacións e o seu alto nivel artístico e ten actuado en importantes festivais e escenarios de música antiga en toda Europa e América. Ademais do seu traballo interpretativo, La Grande Chapelle destaca tamén polo seu labor de investigación e recuperación do patrimonio musical antigo, pois desenterra obras pouco coñecidas e reconstrúe repertorios esquecidos. A súa contribución ao mundo da música antiga foi, e segue a ser, inestimable para entender e apreciar mellor o rico legado da música de épocas pasadas.



///... Ensemble Phaedrus

Igrexa de Santiago de Mens, Malpica de Bergantiños (A Coruña)

Domingo 8 de setembro, 18.00 h

THE KING'S FLUTES

MÚSICA DA CORTE DE ENRIQUE VIII

Emma-Lisa Roux, voz e laúde

Consort de frutas travesas renacentistas:

Luis Martínez Pueyo

Charlotte Schneider

Mara Winter

www.ensemblephaedrus.com

Formado no seo da Schola Cantorum Basiliensis, o *consort* de frutas travesas Phaedrus centra o seu traballo na recuperación desta pouco común formación instrumental e dos seus repertorios, nomeadamente música do XVI e comezos do XVII. Trátase dunhas músicas caracterizadas por unha poderosa e, ao tempo, refinada beleza que entronca co sentir da filosofía humanista, o que os leva a explorar tamén as relacións entre a fruta travesa renacentista, a voz humana e outros instrumentos contemporáneos da época. O grupo débelle o seu nome ao texto de Platón no que Sócrates afirmaba que a arte da retórica flúe da loucura, da inspiración divina e, sobre todo, do amor. Os membros do Ensemble Phaedrus recibiron, ao longo do seus anos de formación, consellos de mestres como Dominique

Vellard, Crawford Young, Marc Lewon ou Baptiste Romain e, nas súas interpretacións, tocan frutas fabricadas polo artesán Giovanni Tardino segundo o modelo de *consort* que se conserva na Accademia Filarmonica en Verona.

O programa trasládanos aos primeiros anos do reinado dos Tudor, en concreto, á corte de Enrique VIII, época na que o *consort* de frutas acadou unha forte popularidade, e mestura pezas de corte festivo con outras de corte íntimo, representativas dos estilos musicais diversos que conviviron na vida cotiá na corte, extraídas de fontes como o *Libro de Enrique VIII*, o *Cancioneiro de Ana Bolena*, ou o *Royal Appendix 58*, unha colección de intabulacións para laúde ou teclado de arredor de 1540.



>> Visita ás Torres de Mens

Malpica de Bergantiños (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 8 de setembro, 16.00 h

Antes do concerto do Ensemble Phaedrus, na veciña igrexa de Santiago de Mens, e da man do experto Héitor Picallo, teremos a oportunidade de visitar as Torres de Mens. As Torres eran símbolo da casa que posuía o señorío da zona, os condes de Altamira, unha das familias con máis poder na Galicia medieval e moderna. Da existencia dunha fortificación no lugar hai xa noticia a comezos do século XV, mais foi derrubada nas revoltas irmandiñas. Reconstruídas as torres no ano 1471, continuarán en mans da casa de Altamira ata o ano 1871, cando serán vendidas a Pedro Abelenda e Díaz de Andrade. A finais do século XX son rehabilitadas con grande exquisitez e respecto pola estrutura orixinal por iniciativa do bisneto do comprador. O proxecto, obra do arquitecto Manuel Gallego Jorreto, foi recoñecido en 1993 co *Premio Europa Nostra*. Na visita, ademais de pasear polo patio interior, poderemos percorrer o camiño de rolda das murallas e, dende alí, admirar as vistas sobre a contorna.

Hora e lugar de encontro: ás 16.00 h, na entrada ás torres

Coordenadas GPS: 43.2970708,-8.8643867. Non é posible o acceso en vehículos até as Torres, é preciso estacionar nas inmediacións

Capacidade máxima: 50 persoas

Inscripción: do 3 ao 5 de setembro en actividades@espazossonoros.org



Sábado 14 de setembro, 19.00 h

BREVES HISTORIAS DE AMOR E FORTUNA

Paloma Friedhoff, canto

Uxía Delgado, guitarra barroca, tiorba
e guitarra romántica

Pablo Ruibal, viola da gamba, *dessus de viole* e
guitarra barroca en La

O amor foi e segue a ser, sen dúbida, o tema principal de dramas, comedias, óperas, cancións e todo tipo de xéneros literarios e musicais. O amor e o desamor serán tamén os protagonistas do concerto de hoxe, pois faremos un percorrido a través do tempo e do espazo por diferentes repertorios que xiran arredor do tema amoroso na música profana. Desde finais do Barroco até o primeiro Romanticismo, o programa ofrecerá pezas do teatro español do XVII canda música italiana, cancións recollidas nas coleccións de música irlandesa e escocesa do século XIX e pezas do romanticismo temperán español. Do sur até o norte nunha amena viaxe polas pequenas e cotiás historias de amor.

La Moresca, formada por Paloma Friedhoff, Pablo Ruibal e Uxía Delgado, nace como unha extensión do Grupo Galante Corde, formado en 2019, coa vontade de dar a coñecer os repertorios de cámara barrocos e ilustrados. O grupo emprega nas súas

execucións unha variada instrumentación e técnicas interpretativas propias das diferentes épocas nas que se compuxeron as obras que conforman os seus programas. Trátase de tres compoñentes que contan cunha dilatada experiencia na música antiga, barroca e clásica e son membros ou colaboran habitualmente con moi diversas formacións, ademais de ter participado en importantes escenarios ao longo da Península. O concerto desta tarde será, por outra banda, complemento ideal para unha xornada que nos levará por diferentes elementos do Ferrol ilustrado para rematar nun dos edificios emblemáticos da cidade, obra do arquitecto Ucha Piñeiro: o Casino Ferrolán.



COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 14 de setembro, 15.30 h

“Se Inglaterra tivese un porto coma este, rodearíao dunha muralla de prata”. Atribúeselle esta frase ao primeiro ministro inglés, William Pitt (1759-1806), referida ao porto de Ferrol. O paseo en lancha pola súa ría é o xeito máis sinxelo de comprobar o atinada que é esta observación. A viaxe parte do porto de Ferrol para pasar pola vila da Graña, onde se atopaban os primeiros estaleiros de navíos da Armada a comezos do século XVIII. De alí dirixirémonos á entrada da ría, onde destacan os imponentes castelos de San Felipe e da Palma. Teñen a súa orixe en baterías do século XVI, melloradas e ampliadas nos séculos XVIII e XIX, respectivamente. Neste punto o paso é moi estreito e aínda se pode observar o lugar onde estaba o castelo ou batería de San Martín, onde se enganchaba unha cadea que cruzaba a ría ata San Felipe e que impedía a entrada de buques. Xa máis adiante, onde a ría se vai abrindo ao Atlántico, hai outra serie de baterías que contribuían a reforzar a súa protección ata facela, no século XVIII, practicamente inexpugnable. Desde o mar gozaremos tamén dunha fermosa perspectiva das calas e as vilas mariñeiras e, de volta a Ferrol, pasaremos pola enseada do Baño e a carón de Mugar dos. A paisaxe industrial preside este regreso, coas instalacións civís e militares para a construción naval, que moldearon a cidade ao longo dos anos, ao fondo.

Hora e lugar de encontro: ás 15.30 h,
no porto de Ferrol

Coordenadas GPS: 43.47739, -8.243654

Capacidade máxima: 70 persoas

Inscrición: do 10 ao 12 de setembro, en
actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- Roupas e calzado cómodo
- Unha gorra e protección para o sol
- Un impermeable por se chove e roupa de abrigo para o barco



///... Concert Le Phénix

Casa da Matanza (Casa de Rosalía), Padrón (A Coruña)

Domingo 15 de setembro, 19.00 h

LA DÉFENSE DE LE BLANC

Calia Álvarez, viola da gamba
Roberto Alonso, violonchelo
Fernando Santiago, violonchelo e dirección

*Obras de Boismortier, Corrette ou
Benedetto Marcello, entre outros*

Concert Le Phénix é un proxecto ideado e impulsado polo violonchelista, pedagogo e investigador galego Fernando Santiago que nace tras unha longa e intensa experiencia de estudo e interpretación da música dos séculos XVII, XVIII e XIX. O *ensemble*, que reúne instrumentos tan dispares como violóns, violas da gamba ou violonchelos, afonda no repertorio xenuíno para esta formación, ao tempo que recupera unha das prácticas máis características e esquecidas destes séculos: a transcripción e a adaptación musical. Concert Le Phénix realiza unha intensa actividade investigadora, baseada no estudo de numerosas fontes documentais históricas, coa intención de aproximarse, coa maior fidelidade, aos

instrumentos e ás diferentes técnicas, códigos e prácticas de cada época.

O programa está inspirado na figura de Hubert Le Blanc, avogado, abade e violagambista amator que, en 1740, publicou un interesante tratado titulado *Défense de la basse de viole contre les entreprises du violon et les prétentions du violoncelle*, obra que reflexa un momento histórico en Francia no que, a viola da gamba, logo séculos de esplendor, vai quedando relegada a un segundo plano, mentres os instrumentos da familia *da braccio*, como o violín ou o violonchelo, ían gañando protagonismo nos famosos *Concerts Spirituels* parisiños.



>> “De Padrón polos camiños”. Tarde literaria e de lecer

Padrón (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 15 de setembro, 15.00 h

A carón de Rosalía pasaremos unha tarde polas terras que marcarían intensos momentos da vida desta autora, símbolo universal da literatura e da cultura galega, desde a súa infancia até os seus últimos anos na Casa da Matanza. Da man do historiador Manuel Lorenzo Baleirón faremos un percorrido que nos permitirá conectar os espazos e as vivencias de Rosalía nas Terras de Iria e Padrón coa súa obra literaria na descuberta da poeta, intelectual e, ao tempo, muller consciente do mundo que a rodeaba, un mundo que, con tanta fondura, soubo captar, retratar e transmitir a través da súa escrita.

O itinerario partirá da Casa Museo de Rosalía para camiñar cara á antiga colexiata de Santa María de Iria Flavia e o cemiterio de Adina, onde Rosalía fora soterrada antes de ser trasladada ao Panteón de Galegos Ilustres, en Bonaval. De camiño, pasaremos pola Casa Grande de Arretén, que fora morada dos seus antepasados e seguiremos camiñando por viciosas terras e magníficas vistas no lugar onde outrora se atopaba o evocador palacio arcebispal da Rocha Branca. De volta cara á vila de Padrón, achegarémonos ao paseo do Espolón, para nos deter xunto á estatua homenaxe á poeta, á beira do Sar, e na Rúa do Sol, xunto á casíña onde viviu cando era nena. Para rematar, volveremos á Casa da Ma-

tanza, lugar no que a familia de Castro-Murguía se trasladou a vivir en 1883 e no que Rosalía pasaría os seus derradeiros anos. Alí gozaremos das últimas horas da tarde, na casa que abrirá unha vez máis as súas fiestras para traer de volta ao lugar os sons polos que Rosalía preguntaba nos seus versos *¡Padrón...! ¡Padrón...! / Santa María... Lestrove...! ¡Adiós! ¡Adiós! / Aquel vibrar sonoro/ das cordas da arpa i os sons/ da guitarra malencólica, / ¿quén os levóu?*

Hora e lugar de encontro: 15.00 h, na Casa da Matanza

Capacidade máxima: 70 persoas

Duración: tres horas aprox.

Distancia: 3 km aprox.

Dificultade: baixa

Inscrición: do 10 ao 12 de setembro en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

_Calzado cómodo para camiñar

_Unha gorra e protección para o sol e un impermeable por se chove

_Auga, chocolate e unha mazá para o camiño



Sábado 21 de setembro, 19.00 h

L'ARTE DI PASSEGGIARE

Jaume Guri Batlle, violín

Sophia Schambeck, frautas de bico

Mariona Mateu Carles, violón

Leon Serafin Jänicke, tiorba e guitarra barroca

Rosalía Gomez Lasheras, clave

Obras de Frescobaldi, Falconieri,

Ortiz, Merula ou Francesca Caccini, entre outros

Do termo italiano *passaggiare*, que significa pasear, deambular sen destino fixo, xeralmente cun propósito recreativo e de observación, deriva, en música, o termo *passaggio*, unha técnica amplamente empregada na música renacentista para ornamentar cancións coñecidas, con improvisacións e virtuosos floreos. Así, o programa de hoxe, “paseará” a través de animadas danzas do sur de Europa, dos séculos XVI e XVII. Para iso, xunto co bailarín e musicólogo Olivier Foures, o grupo desenvolve un formato de concerto orixinal que explora o concepto do *passaggio* como movemento e ao tempo técnica de composición. Aínda que esta música teña xa 400 anos de antigüidade, resoará en concerto cun estilo

fresco e renovado a través dunha coidada, accesible para as audiencias, e inspiradora instrumentación.

Cofundado por Rosalía Gómez Lasheras, galega residente en Basilea, recoñecida pianista e clavecinista, Das Kolorit é un grupo especializado na interpretación con instrumentos históricos de música de cámara virtuosa, que explora novas sonoridades e perspectivas para un entendemento diferente da música clásica, capaz de crear unha atmosfera de concerto vibrante, na que se percibe toda a emoción que como artistas tratan de transmitir.

www.daskoloritmusic.com



>> Ruta polo Xeoparque Cabo Ortegal

Ortigueira (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 21 de setembro, 12.00 h

Un xeoparque é un territorio que posúe un patrimonio xeolóxico de relevancia internacional e cun alto valor para o coñecemento da historia da Terra. En Galicia o primeiro xeoparque que obtivo a declaración pola UNESCO foi o das Montañas do Courel. Desde 2023, tamén o Xeoparque Cabo Ortegal conta oficialmente con esa categoría, cun ámbito xeográfico que se estende polos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, San Sadurniño, Ortigueira e Valdoviño. A súa singularidade xeolóxica reside no feito de que aquí se atopan rochas que habitualmente se encontran no manto da Terra, a máis de 70 quilómetros de profundidade. E iso débese á formación, hai aproximadamente 350 millóns de anos, dunha cordilleira polo choque entre dous continentes separados por un océano. Dese océano xurdiron a maior parte das rochas e elementos que, a día de hoxe, conforman o Xeoparque Cabo Ortegal: serpentinitas (o coñecido toelo), praias con áreas negras de orixe non volcánica, outras de cor vermella, estalactitas e estalagmitas de cor azul e verde, que se atopan no interior de antigas minas de cobre...

A nosa ruta forma parte da chamada Xeorruta dos Volcáns e centrase no litoral de Loiba, unha zona na que hai máis de 470 millóns de anos se atopaban

numerosos volcáns con erupcións moi explosivas e violentas. Dese material volcánico aínda se atopan restos e, nesta zona, pódese tamén apreciar a evolución que foron sufrindo as formas litorais, praias e tómbolos, o retroceso da costa, así como evidencias das condicións climáticas que reinaban naquela altura, como os cantos rodados que, hai millóns de anos, viaxaban en grandes icebergs cando Galicia estaba próxima á Antártida.

Hora e lugar de encontro: 12.00 h, no aparcadoiro do banco de Loiba.
Coordenadas GPS: 43.742191, -7.745154
Duración: 2 horas e media aprox.
Distancia: 7 km aprox.
Dificultade: media
Capacidade máxima: 50 persoas
Inscrición: do 17 ao 19 de setembro en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _Calzado cómodo para camiñar
- _Unha gorra e protección para o sol e un impermeable por se chove
- _Auga, chocolate e unha mazá para o camiño



>> Visita ao conxunto conventual dos dominicos de Ortigueira

Ortigueira (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 21 de setembro, 17.00 h

Logo dun xantar libre, faremos unha pequena visita guiada polo conxunto conventual dos dominicos, un dos edificios máis representativos do núcleo urbano da vila de Ortigueira, onde poderemos percorrer o claustro, o patio e a igrexa parroquial de Santa Marta, un interesante edificio de estilo barroco con trazos neoclásicos, que comezou a edificarse en 1776. Ten planta de cruz latina unha única nave de altura considerable e lucernario no cruceiro. Os dominicos instaláronse en Ortigueira a comezos do século XIV e permanecerían alí até a súa exclaustación no século XIX. O convento, xa abandonado polos frades, pasaría a ter diferentes usos (cárcere, escola e mesmo cuartel) e alberga hoxe as dependencias do Concello. Do conxunto forma parte tamén o Teatro de Beneficencia, un encantador teatro de estilo á italiana que foi construído por iniciativa da veciñanza a mediados do século XIX no lugar onde se atopaban as adegas e almacéns dos frades.

Hora e lugar de encontro: 17.00 h, na praza do Concello

Inscrición: acceso libre, non é precisa inscrición



CLAUSURA

Sábado 28 de setembro, 19.00 h

A BOCA, OS PÉS, O SON

PEZA PARA CATRO SAXOS SOLISTAS
E CEN SAXOS EN MOVEMENTO

Alberto Matarredona Donat, saxo alto
Helena Otero Correa, saxo alto
Irene Rodríguez Ordiales, saxo alto
Silvia Sanagustín Samitier, saxo alto

Composta polo italiano Salvatore Sciarrino, en 1997, *La bocca, i piedi, il suono*, é unha das pezas fundamentais do repertorio escrito para saxofón. Trátase dunha obra de carácter participativo que conta, para a súa execución, coa colaboración de saxofonistas profesionais e afeccionados/as, procedentes de estilos diversos e de todas as idades. Nela o espazo revélase coma un elemento que vai definindo os movementos e a localización das persoas intérpretes o que fai que cada representación sexa única en coherencia co lugar escollido. O conxunto de concertistas que participan conflúen para formar unha soa masa sonora que actúa como unha chamada a escoitar, non só o son dos instrumentos, senón tamén o son do espazo que se xera a través do movemento e que acaba por ter tamén unha dimensión sonora. Os catro saxos solistas colócanse arredor do público,

creando un son envolvente. O resto de saxos móvense creando diversos fluxos de son que entran e saen do espazo visual e sonoro. As persoas que participan como saxofonistas serán seleccionadas a través dunha convocatoria aberta a todo o tecido musical galego e recibirán as instrucións dos membros do cuarteto de saxofóns asLan ensembLe, do que forma parte a saxofonista galega Helena Otero Correa.

asLan ensembLe formouse en 2014 no seo da prestixiosa clase de saxofón de Jean-Denis Michat, do Conservatorio de Lyon e fíxose rapidamente un oco no mundo da música de cámara. O grupo aposta, nos seus programas, por visitar obras icónicas da tradición musical occidental a través dos seus arranxos e pola creación de novos repertorios para cuarteto de saxofóns. Será esta unha experiencia única para escoitar un bo número de saxofonistas e vivir os límites do son, do silencio e a profundidade.

www.aslanensemble.com



>> Ruta polo castro de Baroña

Porto do Son (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 28 de setembro 12.00 h

Nesta ruta circular poderemos descubrir algúns dos elementos patrimoniais e paisaxísticos máis salientables da parroquia de Baroña. A ruta baixa polo antigo camiño ao castro para, sen entrar nel, xirar á dereita e descubrir a fermosa cala do Coído. Dende alí subiremos cara ao lugar do Campanario, onde se atopa o cruceiro dos Mirages, con tipoloxía de capeliña, cunha imaxe da Virxe baixo unha cruz coa figura de Xesucristo que, no día da festa, a veciñanza adoita pintar. É interesante tamén a gran concentración de hórreos que observamos nesta aldea e ao longo de todo o camiño. Un pouco máis adiante, chegamos á igrexa parroquial, baixo a advocación de San Pedro, situada na parte máis alta do núcleo, da que podemos admirar parte da súa antiga fábrica románica, coa súa ábsida rectangular e algúns elementos decorativos. Esta igrexa, do século XII, o propio castro de Baroña e os petróglifos, que abundan na contorna, dan fe de que esta zona estivo habitada dende moi antigo. De camiño, visitaremos o petróglifo da Gurita I, a escasos 500 metros da igrexa. Baixaremos logo cara ao lugar de Penas, para regresar cara ao mar atravesando unha zona arborada, onde chama a atención a gran cantidade de muros construídos coa técnica da pedra en seco, declarada patrimonio cultural inmaterial, que se atopan ao longo dos camiños, montes e leiras. Tras facer unha parada para xantar, continuaremos

cara á praia do Río Maior e, no camiño de volta cara ao castro de Baroña, gozaremos dunhas impresionantes vistas sobre o mar e, sobre todo, do propio castro, practicamente aliñado co monte Louro e Fisterra ao fondo.

Hora e lugar de saída: 12.00 h, do centro de información do castro de Baroña

Coordenadas GPS: 42.694754, -9.024692

Duración: tres horas e media aprox. (con parada para tomar un pequeno refrixerio)

Distancia: 8,5 km. aprox.

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscripción: do 24 ao 26 de setembro en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

_Calzado cómodo para camiñar

_Unha gorra e protección para o sol e un impermeable por se chove

_Un pequeno refrixerio e bebida para o xantar

_Auga, chocolate e unha mazá para o camiño



>> Convocatoria aberta e obradoiro para saxofonistas

Porto do Son (A Coruña)

ACTIVIDADE

Sábado 28 de setembro, 15.00 h

Para a execución da obra de Salvatore Sciarrino, *La bocca, i piedi, il suono*, para catro saxos solistas e cen saxos en movemento, Espazos Sonoros fará unha convocatoria aberta ao tecido musical galego co fin de contar con saxofonistas de calquera nivel, idade, formación e independentemente do estilo de música co que se identifiquen. A peza precisa dun bo número de saxofonistas “en movemento” (de aí o número simbólico de 100 co que xoga o título da obra) para, a partir do son xerado individualmente por cada intérprete, ir construíndo unha riquísima masa sonora.

A preparación dos “saxos en movemento” non require de coñecementos previos, senón seguir as instrucións que, para o entendemento da estrutura da peza, dará cada solista do asLan ensemble no obradoiro que terá lugar antes do concerto. Para moitas das persoas que participen pode ser a primeira vez que se acheguen a algunha destas técnicas “estendidas” ou non convencionais para saxofón pero, en todo caso, será unha moi gratificante e enriquecedora experiencia na que, en palabras de Sciarrino “*a fascinación pola masa sonora tórnase enorme: nubes e bandadas, chuvia de infinitas teclas de saxofón, pulsacións, bosque de chamadas, silencio iridescente*”.

Hora e lugar: 15.00 h no Edificio de actividades náuticas do Porto do Son (zona do Peirao, Avenida de Galicia)

Inscrición: do 2 até o 26 de setembro en actividades@espazossonoros.org

Datos para a inscrición:

- _Nome e apelidos das persoas que se desexan inscribir
- _Teléfono de contacto
- _Tipo de instrumento que achega



Espazos sonoros

Espazos... 2024 >>

www.espazossonoros.org

Teatro Colón

A Coruña

Domingo 1 de setembro, 20.00 h >> La Grande Chapelle

CONCERTO INAUGURAL

Situado nos xardíns de Méndez Núñez, a súa orixe remóntase a 1944, cando o empresario Emilio Rey Romero consegue autorización para ocupar unha parcela na zona do porto da Coruña, fronte ao edificio de Correos, no terreo que ocupaban os pavillóns e almacéns da antiga Aduana. Este espazo portuario tiña unha fonda significación política, xa que fora lugar de mitins e congregacións republicanas que tomaban como referente o altar cívico que ocupa a parte traseira do monumento a Curros Enríquez, do escultor Asorey. Coa súa cesión, a parcela sería destinada á construción dun gran hotel con teatro accesorio e, en 1945, Jacobo Rodríguez-Losada Trulock comezou co deseño arquitectónico dun edificio de sete plantas. O hotel recibiu o nome comercial de Hotel Embajador, coa categoría de catro estrelas e mantería a súa actividade ata a década dos setenta. O teatro, situado no mesmo edificio, recibiu o nome de Teatro Colón e sería inaugurado o 1 de decembro de 1948 coa proxección de dúas curtas en sesión de mañá e unha función inaugural de noite a beneficio dos pobres da cidade que contou coa participación da Orquestra Sinfónica Municipal, a Agrupación Albéniz, o grupo Follas Novas, a Agrupación Polifónica El Eco, o cantante de ópera Antonio Campó e o mestre Luis Brage. Co peche do hotel o teatro continúa a funcionar con normalidade e a Deputación comeza a desenvolver sucesivas negociacións co fin de facerse coa propiedade da totalidade do edificio para trasladar alí a súa sede. As adquisicións

complétanse en 1997 coa compra do teatro, que foi obxecto de profundas obras de remodelación entre os anos 2002 e 2006, cando tivo lugar a súa reapertura e adquiriu o aspecto que hoxe ten.

A concepción do edificio proxectado por Rodríguez-Losada Trulock, na súa parte destinada ao espectáculo, respondía á tipoloxía de teatro-cine, un formato híbrido que admitía tanto a proxección de películas na época dourada das grandes estreas, como as representacións teatrais e musicais. A súa conformación baseada no teatro “a la italiana” permitía ao tempo conectar coa tradición dos vellos teatros de ópera, invocando o espírito máis exclusivo dos reducidos da alta cultura. O Colón tiña un aforo que entón rozaba as 1.500 localidades, repartidas en butacas e palcos enmarcados por pilastras e arcadas, cadeiras de brazos e tribuna, así como escenario con tear, tremoia e foso de orquestra. Característicos da sala eran as butacas e cortinóns en veludo vermello e os dourados dos adornos en escaiola. O propio Isaac Díaz Pardo colaborou na concepción do deseño da sala na época na que aínda non abandonara a pintura, e na remodelación de 2006, se ben se decidiu manter o aspecto cromático existente, optouse por suavizar a tonalidade de verdes que fora obxecto de críticas no seu tempo na prensa local.

www.teatrocolon.es



Igrexa de Santiago de Mens

Malpica de Bergantiños (A Coruña)

Domingo 8 de setembro, 18.00 h >> Ensemble Phaedrux

Coñece o teu patrimonio. Ás 16.00 h, visita ás Torres de Mens

A actual igrexa parroquial de Santiago de Mens, finca as súas raíces na Alta Idade Media, nun mosteiro bieito fundado na segunda metade do século X, mais pode que con anterioridade, no ano 866 e en tempos do rei Afonso III, houbera xa un cenobio nese lugar. A primeira noticia documental certa témola nunha doazón feita polo conde de Traba, Pedro Froilaz, do ano 1105, na que aparece a sinatura do abade de Mens, na altura chamado *magnes-salagie*, pois toda esta zona era coñecida como *valle Salagie*. Moi pouco despois desa data, no ano 1134, segundo consta nunha inscrición conservada no muro norte, a igrexa foi remodelada sobre a base da anterior, se ben conservou a planta basilical orixinaria á que se lle engadiu a cabeceira románica de tres ábsidas. A finais do século XV, coa reforma monástica, o mosteiro pasou a depender de San Martiño Pinaro. Finalmente, en 1535, por bula do papa Paulo III, o mosteiro compostelán permutaríao polo antigo mosteiro de Santa María de Cambre, coa colexiata da Coruña, da que pasaría a depender.

O interior da igrexa conserva a traza do edificio prerrománico, de planta basilical, que tiña catro tramos, tanto na nave central como nas laterais. Quedan desta fábrica primitiva, no interior, as columnas de sección cadrada e os arcos de medio punto na

parte da nave. Os dous do tramo máis próximo aos pés da igrexa son agora visibles dende o exterior, embutidos no paramento xa que, no século XVIII, cando se lle engade a torre de traza barroca, reduciríanse os tramos das naves laterais a tres e a central mantería os catro orixinais. Tamén quedan algúns soportes do artesoado da antiga cuberta lígnea. Estes elementos son moi raros, excepcionais, e só podemos atopar outros restos similares na zona na igrexa de San Martiño de Cores e na de Santiago de Cereixo. A reforma do século XII engadiría unha fachada románica, que probablemente desapareceu durante a reforma do XVIII. Á parte do evidente interese dos elementos prerrománicos, o programa decorativo dos canzorros da cornixa e algúns dos capiteis das semicolumnas da ábsida central ten tamén gran relevancia artística, con figuras de persoeiros que len, equilibristas/exhibicionistas, un músico tocando unha fidula, figuras zoomórficas coma a cabeza dun carneiro ou un felino de corpo enteiro. Outros presentan decoracións vexetais, que toman como modelo outras similares presentes na catedral de Santiago. Nun dos capiteis interiores podemos observar as figuras de dous leóns. Preside a capela maior unha imaxe de Santiago o Maior, do século XIV.



Casino Ferrolán

Ferrol (A Coruña)

Sábado 14 de setembro, 19.00 h >> La Moresca

Coñece o teu patrimonio. Ás 15.30 h, travesía pola ría de Ferrol

Situado na Rúa Real e inaugurado no ano 1925, é unha das obras máis salientables do arquitecto ferrolán Rodolfo Ucha Piñeiro (1882-1981). Aínda que nacido en Vigo, Ucha trasladábase a Ferrol cando ten 5 anos de idade, ao falecer o seu pai. Alí estudará o bacharelato por libre e matricularase na Escola de Artes e Oficios. Máis tarde, canda a súa nai, irá vivir a Madrid para cursar estudos superiores na Escola Superior de Arquitectura, que rematará no ano 1906. Durante un tempo colaborará profesionalmente cun dos seus profesores e tamén exercendo como docente, no cargo de profesor axudante, na Escola de Belas Artes de San Fernando. No ano 1909 obtén unha praza como arquitecto municipal na cidade de Ferrol. Vaise dar a circunstancia de que Ucha será o único arquitecto titulado na contorna -os máis próximos atopábanse na Coruña- ata o punto de ter que informar as súas propias obras.

Aínda que os seus primeiros traballos se poden encuadrar no Modernismo imperante nos inicios de século, con influencias da Secesión vienesa, evolucionará, na década dos anos 20, cara a un estilo máis persoal, próximo ao Eclecticismo e con elementos da *Art Déco* para, máis adiante, deseñar edificios adscritos xa ao Racionalismo. O Casino é unha excelente mostra do estilo ecléctico que Ucha comeza a practicar nos anos 20, onde conxuga a decoración

e as necesidades funcionais propias dun edificio destas características. Tamén é exemplo do gusto polo detalle, tanto exterior como interior, presente na súa obra, posible grazas á existencia en Ferrol dunha man de obra artesanal moi cualificada coa que colaborará sempre estreitamente. O edificio, que foi o primeiro en usar o formigón armado na cidade, ten tres plantas organizadas arredor dun patio central. Abundan as ventás, para darlle luz ao interior, con balcóns e balaustradas e, na parte posterior, unha galería, elemento tradicional que Ucha incorpora exhaustivamente ás súas creacións.

Destaca no edificio a sobranceira decoración do salón de conversacións, na planta baixa, realizada polo pintor mugardés Felipe Bello Piñeiro. Trátase dun conxunto mural de pinturas de extraordinario interese, cheo de motivos vexetais, que evocan a paisaxe galega, con representacións de follas de piñeiros, toxos, carballos ou castiñeiros. Tamén, nunha sorte de sincretismo, atopamos elementos de inspiración “celta”. Nalgúns paneis, Piñeiro pinta paisaxes de costa, enmarcadas por unha vizosa vexetación, que evoca a contorna natural de Santo André de Teixido. As pinturas víronse afectadas polo fume dos cigarros que varias xeracións de ferroláns consumiron na popular “pecera”, e foron restauradas a comezos deste século.



Casa da Matanza (Casa de Rosalía)

Padrón (A Coruña)

Domingo 15 de setembro, 19.00 h >> Concert Le Phénix

Coñece o teu patrimonio. Ás 15.00 h, “De Padrón polos camiños”. Tarde literaria e de lecer

A Casa da Matanza, hoxe casa museo da poeta Rosalía de Castro, é o lugar no que Rosalía viviu, xunto á súa familia, os seus últimos anos, e no que falecería en 1885. Conta a súa filla Gala que Rosalía, no seu leito de morte, pediu que lle abrisen a fiestra para ver o mar, pois, daquela, apreciábanse desde alí as velas dos galeóns de carga a navegaren polo Ulla, río no que enchen as mareas da Arousa e que aínda hoxe chaman “mar” na Terra de Iria.

Pouco despois da morte de Rosalía, a Casa da Matanza fica baldeira. Despois de varios intentos, Xosé Villar Granjel e Xosé Mosquera (O Vello dos Contos) mércana en 1946. A casa restáurase por iniciativa do Padroado Rosalía de Castro, creado en 1947 e, baixo a presidencia de Agustín Sixto Seco, encárgaselle o traballo a Andrés Fernández Albalat. O edificio inaugúrase finalmente en 1971. Da montaxe e dirección do museo encárgase Xosé Filgueira Valverde, con tres liñas moi claras: a didáctica, a expositiva e a evocativa. A Fundación Rosalía de Castro é a actual propietaria. O espazo da casa propón un percorrido polos acontecementos que marcaron a vida e a obra de Rosalía, a contorna que a rodeou e a relación que existe entre o pobo galego e a figura da escritora.

A casa responde ao tipo da casa rural galega do XIX, entre labrega e fidalga, e conserva mobles e pertenzas da familia Castro Murguía. Os xardíns e

a horta que rodean a casa teñen un notable interese botánico, con exemplares de árbores senlleiras estudadas por Carlos Rodríguez Dacal. Entre elas, a xa histórica figueira, unha árbore que leva resistindo heroicamente as inclemencias do tempo malia a escasa lonxevidade da súa especie. O exemplar foi perdendo a galanura que luciu nos seus mellores tempos mais, grazas aos cuidados recibidos nas últimas décadas, continúa a ser a principal referencia do xardín. Malia que se ten fabulado coa posibilidade de que Rosalía lle cantase á figueira e mesmo a plantase ela mesma (“hortiña que quero tanto, figueiriñas que prantéi”, *Cantares gallegos*) non existen documentos que permitan coñecer a data de plantación e, no momento no que se publicaba a citada obra, Rosalía aínda non se instalara na casa. Desde 1970 fóronse adquirindo outras propiedades ademais da casa e da horta. En 1975 inaugúrase unha vivenda para a entón encargada da casa (Maruxa Villanueva), unha sala de xuntas, un arquivo da Fundación, servizos públicos e almacéns. En 1985 faise o auditorio e, en 1999, créase o Centro de Estudos Rosalíanos. Nos últimos anos rehabilitáronse os edificios anexos e o auditorio e creouse unha nova sala do Padroado.

rosalia.gal



Teatro de Beneficencia

Ortigueira (A Coruña)

Sábado 21 de setembro, 19.00 h >> Das Kolorit

Coñece o teu patrimonio. Ás 12.00 h, ruta polo Xeoparque Cabo Ortegaleira

Ás 17.00 h, visita ao conxunto conventual dos dominicos de Ortigueira

Trátase dun pequeno pero encantador teatro con sabor romántico situado no que fora edificio conventual dos dominicos que, desde o século XIV e até a súa exclaustación, no século XIX, se instalou en Ortigueira. Co abandono do convento polos monxes, o edificio pasou a ter diferentes usos como cárcere, escola, cuartel e tamén sede das dependencias do Concello, uso que continúa na actualidade. A mediados do século XIX, unha parte da veciñanza promovería a construción nel dun teatro para a celebración de actos culturais e para entretemento do concello. O teatro ocuparía un espazo situado na á leste do conxunto, no lugar no que os monxes tiñan a adega e o almacén de leña. Anos despois, en 1867, durante o mandato do alcalde D. Vicente Donato Villarnovo, o Concello planea os traballos que lle deron o aspecto que hoxe presenta e cuxas obras se financiaron (cun custo de arredor de 4.400 reais de vellón, moeda da época) a través da recadación, por empréstito voluntario e de subscrición veciñal. O teatro inaugurouse en 1874 e os recursos obtidos do seu funcionamento destináranse á beneficencia municipal, de aí o nome que aínda conserva.

O pano de boca do escenario, cunha panorámica da vila, é obra do ortigueirés Pedro Castiñeiras. O artista local Vicente Martínez Laxe, que decoraría tamén o teatro García Barbón de Vigo, realizou en 1892 as pinturas do teito, que toman como modelo un dos teitos do madrileño palacio de Murga (hoxe palacio de Linares), obra de Francisco Pradilla. Na zona central, onde se sitúa a araña para iluminación, as pinturas representan una balastrada en *trompe-l'oeil* (enganaollos) o que achega ao conxunto unha certa simetría. O frontispicio foi pintado posteriormente con trazos de inspiración modernista e sábese que a dirección do decorado estaba tamén en mans de Pedro Castiñeiras.

O teatro, que se mantén hoxe como a principal infraestrutura cultural do concello, foi obxecto de obras de reacondicionamento a finais do século XX e reinaugurouse en 1991. De inspiración italiana, está dotado de patio de butacas, balcóns e paraíso, e conserva aínda todo o engado e beleza dunha pequena obra de arte.



Edificio de actividades náuticas

Porto do Son (A Coruña)

Sábado 28 de setembro, 19.00 h >> asLan ensembLe

Coiñece o teu patrimonio. Ás 12.00 h, ruta polo castro de Baroña.

Ás 15.00 h, convocatoria aberta e obradoiro para saxofonistas

Este singular edificio forma parte dun ambicioso proxecto rematado en 2022, obra dos arquitectos CREUSECARRASCO e RVR arquitectos, que pretendía a rexeneración do bordo portuario da vila do Porto do Son mediante a transformación da zona portuaria, a ordenación dos accesos e a creación dun espazo público que recuperase a conexión que en tempos existiu entre o núcleo histórico, o porto e o mar. En definitiva, a creación dun lugar humanizado que reconecta cos valores e imaxinarios que forman parte da identidade da vila. Ao longo do arco que vai desde o cruceiro de baixada ao porto e até o muro de contención ao lado do miradoiro do Tendedeiro, que sinala cara Monte Louro, vanse recuperando e creando espazos de paseo e encontro construídos con materiais como formigón desbastado, pedra do Barbanza ou terra, dotados de elementos como chanzos, varandas e rúas que se prolongan desde o interior cara ao mar, nun intento por recuperar imaxes do pasado, nas que o areal penetraba até as primeiras rúas da vila. Preto do mercado, unha estrutura de postes e vigas de madeira devolve a memoria dos secadoiros de peixe e redes, os “tinglados”, un espazo destinado a ser soporte de actividades culturais e mesmo extensión do mercado.

O novo edificio de actividades náuticas é o elemento final do bordo portuario onde o paseo chega ao mar, e está atrincheirado detrás do espigón, un muro de contención contra o que baten as ondas. O edificio, dunha soa planta, ten unha forma irregular e un estreitamento no medio que delimita, con portas corredías, diferentes usos. Está dotado de dous soportais que funcionan como espazos de acollida nos que podemos sentar a cuberto do sol. Dentro do edificio hai grandes fiestras que dan ao exterior e tamén a dous patios pensados para desfrutar do sol ao abrigo dos ventos do nordés. A construción permite tamén subir ao espigón por un sistema de pasarelas apoiadas sobre un chanzo a media altura do muro e, desde alí, pódese ver a ría de Muros e Noia, cunha espectacular vista cara ao Monte Louro. Ao tempo ofrece tamén vistas á vila cunha zona de prado en primeiro plano, sobre a cuberta do edificio e, máis aló, unha superficie arborada. Nun dos extremos do edificio construíuse unha praza para gañarlle terreo ao mar nunha zona que antes funcionaba como vertedeiro. Trátase dunha plataforma apoiada, non fundida, coa idea de que a auga do mar se meta por debaixo e mesmo por riba, para o que dispón dunha forma cóncava e un gran sumidoiro no centro para aliviar as augas

O proxecto foi galardoado co Premio FAD e o da Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo.





Espazos sonoros

Entidades
colaboradoras... >>

www.espazossonoros.org





Concello de
Malpica de Bergantiños



CASA DE ROSALÍA

Viertel
Sarock



Concello de
Ortigueira



Concello
Porto do Son



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA

inaem
INSTITUTO NACIONAL DE
LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA

E tamén o noso agradecemento a...

- > Manuel García Souto, párroco de Santiago de Mens
- > Luís Garrido Bermúdez, sancristán da igrexa de Santiago de Mens
- > Rosa Penas Gerpe e Agustín Ordóñez Armán (*in memoriam*), propietarios das Torres de Mens
- > Fran Canosa Martínez
- > Xan Creus Andrade
- > Guillermo Fernández Rodríguez Escalona
- > Manuel Lorenzo Baleirón
- > Héitor Picallo Fuentes
- > Escola Municipal de Música do Porto do Son



Deputación
DA CORUÑA